

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 302/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 12 de decembro de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de Febreiro de 2024, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de decembro de 2023, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo, oficio da Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se remite o escrito presentado por XXX contra a resolución do 29 de novembro de 2023 do Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais polo que se lle concede acceso á información non ambiental do expediente do Parque Eólico Monte Peón.

XXX en resumo indica que considera que a resolución ten unha decisión de carácter arbitrario baseada nunha falsa argumentación, que crea un resultado inxusto lesionando ou dereito real de acceso pleno á información pública, xa que o dereito de acceso non é un dereito de deixar ver unha documentación, senón de poder realizar un escrutinio da mesma detidamente para poder fiscalizar a actividade e os propios criterios dá actividade pública.

A argumentación que se dá para negar e non facilitar a documentación solicitada mediante ou medio preferente que dita a lei é que ten moito volume, argumento que non é técnica nin xuridicamente razoable.

A Lei establece que o acceso á información realizárase preferentemente por vía electrónica, salvo cando non sexa posible ou o solicitante sinalase expresamente outro medio. Considera que a argumentación de gran volume, úsase para aparentar un falso problema e esta vulnerando con iso, a aparencia de obxectividade e imparcialidade que ha de rexer a actuación dá Administración nos procesos de decisión e obriga ao solicitante a realizar desprazamentos, consumindo non só tempo e recursos propios de forma innecesario senón tamén dá propia administración pública que terá mínimo que atendelo presencialmente cando podería facerse

todo de forma telemática con custos de tempo e recursos moito menores tanto para ou interesado como para a propia administración.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, asinada dixitalmente.

Segundo. Con data do 8 de Febreiro de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Industria, Economía e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 19 de Febreiro de 2024 a Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que tanto a resolución que agora se recorre como a resolución ditada na solicitude de acceso a información ambiental de acceso a ese mesmo expediente (tramitada como 2023/T-00407), resolveuse favorablemente o acceso a información, mais modificando a forma de acceder que o solicitante pedía no seu escrito, considerando que a toma de vista era a maneira axeitada de acceder a información e non mediante o envío dunha copia en formato dixital.

Na dita resolución se xustifica que respecto do modo de acceder á información, o solicitante a pide en formato electrónico e dado o volume da información solicitada, este acceso so será posible mediante unha toma de vista nas dependencias da dirección xeral debido ao gran volume da información solicitada.

Como figura na resolución, o expediente solicitado ten un volume de datos aproximado de 10 GB, e o almacenamento dixital destinado a compartir ficheiros con persoal alleo teñen unha asignación de 3 GB e sen que sexa sinxelo aumentar esta capacidade para satisfacer a necesidade dun cidadán que, efectivamente, está exercendo un dereito pero ao que se lle deron alternativas para poder ter acceso á información solicitada.

Por outra banda indica o informe que facilitar unha copia do expediente sen tratamento mediante outros medios, como podería ser un soporte físico como un pen drive ou un DVD, facilitar esta copia sen tratamento previo colisionaría con outros dereitos, como por exemplo, as garantías en canto á custodia de datos persoais que conteñen (tanto asociados ao promotor como os alegantes, outros interesados, etc), ou documentación suxeita a segredo profesional e ao segredo mercantil e industrial, que sería necesario comprobar e disociar, o que conlevaría un traballo desproporcionado, impedindo que o persoal da unidade se dedicase a atender axeitadamente a outras competencias que teñen atribuídas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución ditouse con data do 29 de novembro de 2023 e a reclamación se interpuxo o 12 de decembro de 2023, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo

Quinto.- Análise do expediente

XXX solicitou o acceso á documentación dun expediente dun proxecto eólico na parte referida á información non ambiental que figura no mesmo, sobre a que se lle resolveu o acceso á mesma, nunha modalidade distinta á solicitada.

O artigo 24.2.b) da Lei 1/2016 establece que a cidadanía ten dereito a recibir a información pública no formato que teña solicitado, e o artigo 20.2 da Lei 19/2013, que é norma básica,

establece que no caso de que se conceda o acceso nunha modalidade distinta á solicitada, a resolución debe ser motivada.

No presente caso, estamos ante unha solicitude de acceso á parte da documentación non ambiental dun expediente dun parque eólico, que como indica a Consellería no seu informe, ten un importante volume de documentos, dentro dos cales figuran datos de carácter persoal e información e datos que poden estar afectados polo segredo profesional, mercantil e industrial, polo que sería necesaria unha labor de comprobación e disociación da información que implicaría unha importante dedicación de persoal que suporía a desatención doutras competencias da Dirección Xeral. De acordo co anterior, considérase que a motivación que figura na resolución en canto ao volume do expediente solicitado, e a motivación que figura no informe remitido na tramitación da reclamación, é suficiente para que a información se lle proporcione nunha modalidade distinta da solicitada.

En todo caso, debe terse en conta que na vista do expediente, non procede que se lle denegue ao interesado a obtención das copias de documentos concretos que solicite, previa disociación dos datos ou documentos que procedan, previa.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por XXX contra a Resolución do 29 de novembro de 2023 do Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais polo que se lle concede acceso á información non ambiental do expediente do Parque Eólico Monte Peón.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.